

1915 1930 OLLEGER

1915-1923

Nace o 31 de maio no lugar de Armea de Abaixo, parroquia da Lama, Concello de Láncara. Ingresna na escola sabendo ler e escribir. Axuda nos labores cotiáns dunha familia rural.

1924-1928

Examínase en Lugo de ingreso para o Bacharelato Elemental. Durante catro anos estuda na capital provincial. Rematados os estudos, regresa á casa natal. Descubre a poesía na súa lingua e le a Rosalía de Castro.

1931 1936 COMPROMISO GALEGUISTA

1931-1933

Regresa a Lugo para cursar o Bacharelato Superior. Participa na fundación das Mocedades Galeguistas de Lugo. Intégrase nos círculos culturais da cidade e publica na revista *Yunque*. Traba amizade con Ánxel Fole, Luis Pimentel e Lorenzo Varela.

Representa os galeguistas de Lugo nun congreso do Partido Galeguista en Compostela. Coñece a Otero Pedrayo, Castelao, Alexandre Bóveda, Luis Seoane, Ánxel Casal e Ramón Cabanillas.

1934-1935

Intensa actividade galeguista. Intervén en Santiago no Mitin das Arengas, na Praza da Quintana, o 25 de xullo, xunto con Castelao.

1936

Participa con Bóveda na campaña polo Estatuto de Autonomía, como secretario do comité provincial de Lugo. Representa o Partido Galeguista na comisión asesora do gobernador civil en defensa da República. Agóchase na súa aldea natal ao estalar a guerra. Salva a vida incorporándose ás filas do exército franquista.

1939 1949 NOITE DE PEDRA

1939-1940

Matricúlase en Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela. Reencóntrase cos amigos galeguistas de preguerra, como Marino Dónega e Xaime Isla Couto.

1942-1945

Segue a carreira en Madrid. Mantén contactos cos galeguistas residentes na capital (Fermin Penzol, Álvaro Gil, *Ben-Cho-Shey*) e coa oposición democrática española.

Participa na reconstrución do Partido Galeguista, na clandestinidade, con Francisco Fernández del Riego, os irmáns Saco e Manuel Gómez Román. Relacións cos galeguistas exiliados, cos nacionalistas cataláns e vascos e con outras forzas antifranquistas.

1946-1949

Viaxe a París coa axuda dos nacionalistas vascos. Entrevístase con José Giral para conseguir a nominación de Castelao como ministro do goberno republicano no exilio. Préndeno en Madrid polas súas actividades políticas. É condenado a prisión, onde pasa tres anos. Sae do cárcere cunha severa perda de visión.



1950 1962 RESISTENCIA

1950

É operado e recupera a vista. Incorporárase á Editorial Galaxia, presidida por Ramón Otero Pedrayo, como director literario. É nomeado secretario do Padroado Rosalía de Castro.

1951

Publica "Significado metafísico da saudade" na Colección *Grial*. Recibe o Premio dos Bibliófilos Galegos pola tradución do *Cancioneiro da poesía céltica*, realizada en colaboración con Celestino Fernández de la Vega.

1952-1953

Publica "A saudade de Rosalía" e "Para unha filosofía da saudade" Casa en Xixón con Isabel López García e instálase en Santiago, na rúa Xelmírez 15, no que será o seu domicilio, cedido polo seu gran amigo Domingo García-Sabell.

1954

Comeza o seu labor de orientación galeguista de estudantes mozos, como Ramón Lufrís, X. M. Beiras, X. L. Franco Grande, Carlos A. Baliñas, X. L. Méndez Ferrín e Ramón Lorenzo.

1956-1962

Presenta o relatorio "A defensa do idioma, vencello espiritual de tódolos galegos" no I Congreso da Emigración Galega de Buenos Aires. Publica a tradución de *Da esencia da verdade*, de M. Heidegger, en colaboración con Celestino Fernández de la Vega. Redacta, para unha xuntanza de galeguistas cun representante de América, celebrada en Compostela, o informe "Nova orientación do galeguismo". Escribe numerosos prólogos para obras dos escritores novos, e artigos para todo tipo de publicacións, sobre todo da emigración.



Con Xaime Isla Couto e Francisco Fernández del Riego

1963 1977 FENDENDO MUROS

1963

Autorízase a publicación de *Grial. Revista Galega de Cultura*, codirixida por Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego. Inaugúrase en Vigo a Biblioteca Penzol, con fondos doados por Fermin Penzol.

1964

Propicia a fundación do Partido Socialista Galego (PSG) e do Partido Demócrata Cristián. Realiza varias viaxes clandestinas ao estranxeiro, para contactar con exiliados e con partidos políticos democráticos europeos.

1966-1970

Cada verán, dá cursos sobre a sociedade e o pensamento español no Middlebury College de Vermont (Estados Unidos).

1967

Ingresna na Real Academia Galega co discurso "A lingoaxe i as lingoas".

1970-1971

Participa na proposta á Real Academia Galega de unificación morfolóxica da lingua.

1974

Vén a lume o seu libro *Olladas no futuro*, onde compila artigos e ensaios sobre temas moi variados, sempre relacionados con Galicia.

1975-1977

Dá ao prelo as conferencias *Lembrando a Castelao* e "Saudade e sociedade, dimensións do home". Pronuncia numerosas conferencias por toda Galicia, e publica colaboracións na prensa diaria.

1977 1990 CAMIÑO ABERTO

1977

Promove o "Manifesto dos 29", ante as primeiras eleccións democráticas. É candidato ao Senado por Lugo da Candidatura Democrática Galega. Encabeza a manifestación de Lugo do 4 de Nadal a prol da Autonomía.

1978-1980

Participa no proceso autonómico galego e promove actividades a favor dun Estatuto de Autonomía digno para Galicia, entre eles o colectivo *Realidade Galega*. Colabora na refundación do Seminario de Estudos Galegos e na fundación do Instituto Galego de Información.

1981

É elixido deputado autonómico independente nas listas do PSdeG-PSOE. Promove as leis de Normalización Lingüística e de creación do Consello da Cultura Galega.

1983

É elixido presidente do Consello da Cultura Galega, cargo que ocupará ata a súa morte.

1984-1985

Publica *Filosofía da saudade*. A Generalitat de Catalunya condecóroa coa Creu de Sant Jordi. Recibe a Medalla Castelao.

1986-1989

Abandona a súa responsabilidade como director de Galaxia, que é asumida por Carlos Casares, co que mantiña unha intensa relación, e quen, en 1988, tamén se fará cargo da dirección da revista *Grial*.

1990

Recibe a Medalla de Ouro da Universidade de Santiago de Compostela e a Medalla de Ouro ao mérito cultural da capital de Galicia. Fina o día 27 de agosto. Dáselle sepultura no cemiterio compostelán de Boisaca.